



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**DON JUAN MANUEL SABORIDO RAMA**, en calidade de alcalde do Concello de Carnota

Formuladas unha serie de accións de promoción do comercio e da hostalería locais representantes da Asociación de Empresarios e Profesionais de Carnota (ACEP), co fin de procurarcanais de colaboración co sector comercial e buscar alternativas de promoción, elaborouse a proposta dunha campaña de apoio a través da web e as redes sociais municipais, para que se convertan nun espazo de encontro do comercio e da hostalería coa veciñanza, de forma que emprendedores, comerciantes e hostaleiros, en primeira persoa, reflictan nos espazos dixitais municipais iniciativas, promocións e o día a día dos seus negocios.

Ideada a campaña "**CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial**", que leva asociada a disposición e publicación na web e nas RRSS os datos de carácter persoal dos usuarios/as do servizo, é necesario o seu tratamento de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

En aplicación do Regulamento Xeral de Protección de Datos, suprímese a obrigaçión de notificar ficheiros á Axencia Española de Protección de Datos para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos, e substitúese pola elaboración dun rexistro de actividades de tratamento que deberá conter a información sinalada no artigo 30 do citado regulamento.

Por todo isto, créase a folia de ruta **TRATAMENTO DE DATOS DE POTENCIAIS USUARIOS DO SERVIZO** "**CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial**", que regulará as cláusulas informativas, o rexistro de actividades de tratamento e a información de interese xeral.

Carnota, 9 de xuño de 2020



Asdo. Juan Manuel Saborido Rama



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251



# RGPD FERRAMENTA PARA OS TRATAMENTOS DE ESCASO RISCO ACILITA 2.0

## Documentación

Cláusulas informativas  
Contratos con encargados do tratamento  
Registro de actividades de tratamento  
Anexo informativo



## **CONCELLO DE CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **DOCUMENTACIÓN PARA REVISAR**

Este documento contén as cláusulas informativas que debe incluír nos formularios de solicitude de información; as cláusulas contractuais, en materia de protección de datos, que debe anexar a cada un dos contratos de prestación de servizos que subscriba cos encargados do tratamento; o rexistro de actividades de tratamento e un anexo coas directrices para atender as solicitudes de exercicio de dereitos en materia de protección de datos que reciba dos interesados, así como as recomendacións sobre as medidas de seguridade mínimas que debería implantar na organización. A documentación xerada está adaptada á información facilitada para cada un dos tratamentos que seleccionou ao cubrir a aplicación.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **TRATAMENTO DE DATOS DE POTENCIAIS USUARIOS DO SERVIZO:** **"CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial"**

#### **Cláusula informativa:**

O texto que se mostra a continuación deberá incluílo en todos aqueles formularios que utilice para solicitar datos persoais dos seus potenciais usuarios, tanto se se realiza en soporte papel coma se os recolle a través dun formulario web.

Datos do responsable do tratamento:

Identidade: CONCELLO DE CARNOTA

NIF: P1502000A

Enderezo postal: PRAZA DE SAN GREGORIO, 19

Teléfono: 981857032 Correo electrónico: [desenvolvemento.local@carnota.gal](mailto:desenvolvemento.local@carnota.gal)

“No CONCELLO DE CARNOTA tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlles o servizo solicitado ou enviar a información requirida. Os datos proporcionados conservaranse mentres non nos solicite o cesamento da actividade. Os datos non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigação legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se no CONCELLO DE CARNOTA estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e potabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento ante o CONCELLO DE CARNOTA, PRAZA DE SAN GREGORIO, 19 ou no enderezo de correo electrónico [correo@carnota.gal](mailto:correo@carnota.gal), achegando unha copia do seu DNI ou documento equivalente. Así mesmo, e especialmente se considera que non obtivo satisfacción plena no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control, dirixíndose para estes efectos á Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 – 28001 Madrid. “



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### REGISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMENTO

O responsable do tratamento debe revisar os datos consignados nos apartados dos Rexistros de Actividades de Tratamento xerados e verificar que se corresponden coas circunstancias exactas dos datos recolleitos, as comunicacións realizadas e demais condicións de cada un dos tratamentos.

Tratamento: **Potenciais usuarios/as do servizo**

a) Responsable do tratamento	Identidade: CONCELLO DE CARNOTA - NIF: P1502000A Enderezo postal: PRAZA DE SAN GREGORIO, 19 Correo electrónico: desenvolvemento.local@carnota.gal Teléfono: 981857032
b) Finalidade do tratamento	Xestión da relación cos potenciais usuarios do servizo <b>"CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial"</b>
c) Categorias dos interesados	Potenciais usuarios: Persoas coas que se busca manter unha relación institucional como usuarios do servizo <b>"CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial"</b>
d) Categorias de datos	Os necesarios para a promoción do servizo proposto por esta AALL á Asociación de Empresarios e Profesionais de Carnota (ACEP). De identificación: nome e apelidos e enderezo postal, teléfonos, e-mail, Web corporativa e nome comercial.
e) Categorias de destinatarios	Non se contempla
f) Transferencias internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais
g) Prazo de supresión	Un ano dende o primeiro contacto
h) Medidas de seguridade	As reflectidas no ANEXO MEDIDAS DE SEGURIDADE



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### ANEXO: INFORMACIÓN DE INTERESE XERAL

Este documento foi deseñado para tratamentos de datos persoais de baixo risco de onde se deduce que o este non poderá ser utilizado para tratamentos de datos persoais que inclúan datos persoais relativos á orixe étnica ou racial, ideoloxía política, relixiosa ou filosófica, filiación sindical, datos xenéticos e biométricos, datos de saúde e datos de orientación sexual das persoas, así como calquera outro tratamento de datos que entrañe alto risco para os dereitos e liberdades das persoas. O artigo 5.1. f do Regulamento Xeral de Protección de Datos (en adiante, RGPD) determina a necesidade de establecer garantías de seguridade adecuadas contra o tratamento non autorizado ou ilícito, contra a perda dos datos persoais, a destrución ou o dano accidental. Isto implica o establecemento de medidas técnicas e organizativas encamiñadas a asegurar a integridade e confidencialidade dos datos persoais e a posibilidade de demostrar, tal e como establece o artigo 5.2, que estas medidas se levaron á práctica (responsabilidade proactiva). Ademais, deberá establecer mecanismos visibles, accesibles e sinxelos para o exercicio de dereitos e ter definidos os procedementos internos para garantir a atención efectiva das solicitudes recibidas.

#### **ATENCIÓN DO EXERCICIO DE DEREITOS**

O responsable do tratamento dará traslado a todos os traballadoresdo procedemento para atender os dereitos dos interesados, definindo de forma clara os mecanismos polos que poden exercerse os dereitos (medios electrónicos, referencia ao delegado de protección de datos se o houbese, enderezo postal, etc.) e tendo en conta o seguinte:

- Previa presentación do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, os titulares dos datos persoais (interesados) poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, potabilidade e limitación do tratamento. O exercicio dos dereitos é gratuito.
- O responsable do tratamento deberá dar resposta aos interesados sen dilación indebida e de forma concisa, transparente, intelixible, cunha linguaxe clara e sinxela e conservar a proba do cumprimento do deber de responder as solicitudes de exercicio de dereitos formuladas.
- Sea solicitude se presenta por medios electrónicos, a información facilitarase por este medio cando sexa posible, salvo que o interesado solicite que sexa doutro xeito.
- As solicitudes deben responderse no prazo de 1 mes desde a súa recepción. Este prazo poderá prorrogarse noutros dous meses, tendo en conta a complexidade ou o número de solicitudes, pero nese caso debe informarse ao interesado da prórroga no prazo de un mes a partir da recepción da solicitude, indicando os motivos da dilación.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**DEREITO DE ACCESO:**no dereito de acceso facilitarase aos interesados unha copia dos datos persoais dos que se dispoña, xunto coa finalidade para a que foron recolleitos, a identidade dos destinatarios dos datos, os prazos de conservación previstos ou o criterio utilizado para determinalo, a existencia do dereito para solicitar a rectificación ou supresión de datos persoais, así como a limitación ou a oposición ao seu tratamento, o dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos e se os datos non foron obtidos do interesado, calquera información dispoñibles sobre a súa orixe. O dereito para obter a copia dos datos **non pode afectar negativamente** aos dereitos e liberdades doutros interesados.

- [Formulario para o exercicio do dereito de acceso.](#)

**DEREITO DE RECTIFICACIÓN:**no dereito de rectificación procederase a modificar os datos dos interesados que fosen inexactos ou incompletos, atendendo aos fins do tratamento. O interesado deberá indicar na solicitude a que datos se refire e a corrección que deba realizarse, achegando, cando sexa preciso, a documentación xustificativa da inexactitude ou carácter incompleto dos datos obxecto de tratamento. Se os datos foron comunicados polo responsable a outros responsables, deberá notificarlles a rectificación destes, salvo que sexa imposible ou esixa un esforzo desproporcionado, facilitando ao interesado información acerca dos devanditos destinatarios, se así o solicita.

- [Formulario para o exercicio do dereito de rectificación](#)

**DEREITO DE SUPRESIÓN:**no dereito de supresión eliminaranse os datos dos interesados cando estes manifesten a súa negativa ao tratamento e non exista unha base legal que o impida, non sexan necesarios en relación cos fins para os que foron recolleitos, retiren o consentimento prestado e non haxa outra base legal que lexitime o tratamento ou este sexa ilícito. Se a supresión deriva do exercicio do dereito de oposición do interesado ao tratamento dos seus datos con fins de mercadotecnia, poden conservarse os datos identificativos do interesado co fin de impedir futuros tratamentos. Se os datos foron comunicados polo responsable a outros responsables, deberá notificarlles a supresión destes, salvo que sexa imposible ou esixa un esforzo desproporcionado, facilitando ao interesado información acerca dos devanditos destinatarios, se así o solicita.

- [Formulario para o exercicio do dereito de supresión.](#)

**DEREITO DE OPOSICIÓN:**no dereito de oposición, cando os interesados manifesten a súa negativa ao tratamento dos seus datos persoais ante o responsable, este deixará de procesalos sempre que non exista unha obrigación legal que o impida. Cando o tratamento estea baseado nunha misión de interese público ou no interese lexítimo do responsable, ante unha solicitude de exercicio do dereito de oposición, o responsable deixará de tratar os datos salvo que se acrediten motivos imperiosos que prevailezan sobre os intereses, dereitos e liberdades do interesado ou sexan necesarios para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións. Se o interesado se opón ao tratamento con fins de mercadotecnia directa, os datos persoais deixarán de ser tratados para estes fins

- [Formulario para o exercicio do dereito de oposición.](#)

**DEREITO DE PORTABILIDADE:** no dereito de portabilidade, se o tratamento se efectúa por medios automatizados e se basea no consentimento ou se realiza no marco dun contrato, os interesados poden solicitar recibir copia dos seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica.





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

Así mesmo, teñen dereito a solicitar que sexan transmitidos directamente a un novo responsable, cuxa identidade deberá ser comunicada, cando sexa tecnicamente posible.

- [Formulario para o exercicio da portabilidade dos datos.](#)

**DEREITO DE LIMITACIÓN AO TRATAMENTO:**no dereito de limitación ao tratamento, os interesados poden solicitar a suspensión do tratamento dos seus datos para impugnar a súa exactitude mentres o responsable realiza as verificacións necesarias ou no caso de que o tratamento se realice en base ao interese lexítimo do responsable ou en cumprimento dunha misión de interese público, mentres se verifica se estes motivos prevalecen sobre os intereses, dereitos e liberdades do interesado. O interesado tamén pode solicitar a conservación dos datos se considera que o tratamento é ilícito e, en lugar da supresión, solicita a limitación do tratamento, ou se aínda non necesitándoos xa o responsable para os fins para os que foron solicitados, o interesado os necesita para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións. A circunstancia de que o tratamento dos datos do interesado estea limitado **deberá constar claramente** nos sistemas do responsable. Se os datos foron comunicados polo responsable a outros responsables, deberá notificarlles a limitación do tratamento destes, salvo que sexa imposible ou esixa un esforzo desproporcionado, facilitando ao interesado información acerca dos devanditos destinatarios, se así o solicita.

- [Formulario para o exercicio da limitación do tratamento.](#)

Se non se dá curso á solicitude do interesado, o responsable do tratamento informarlle, sen dilación e como moi tarde transcorrido un mes desde a recepción desta, das razóns da súa non actuación e da posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos e de exercitar accións xudiciais.

### MEDIDAS DE SEGURIDADE

A teor do tipo de tratamento que puxo de manifesto cando completou este formulario, as medidas de seguridade mínimas que debería ter en conta son as seguintes:

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS

#### INFORMACIÓN QUE DEBERÁ SER COÑECIDA POR TODO O PERSOAL CON ACCESO A DATOS PERSOAIS

Todo o persoal con acceso aos datos persoais deberá ter coñecemento das súas obrigacións con relación aos tratamentos de datos persoais e serán informados acerca das ditas obrigacións. A información mínima que será coñecida por todo o persoal será a seguinte:

- **DEBER DE CONFIDENCIALIDADEE SEGREDO**
  - Deberase evitar o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais. A tal fin, evitarase deixar os datos persoais expostos a terceiros (pantallas electrónicas desatendidas, documentos en papel en zonas de acceso público, soportes con datos persoais, etc.). Esta consideración inclúe as pantallas que se utilicen para a visualización de imaxes do sistema de videovixilancia. Cando se ausente do posto de traballo, procederase ao bloqueo da pantalla ou ao peche da sesión.





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenaranse en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
  - Nonse refugarán documentos ou soportes electrónicos (Cd, pendrives, discos duros, etc.) con datos persoais sen garantir a súa destrución efectiva.
  - Nonse comunicarán datos persoais ou calquera outra información de carácter persoal a terceiros, prestando especial atención a non divulgar datos persoais protexidos durante as consultas telefónicas, correos electrónicos, etc.
  - O deber de segredo e confidencialidade persiste mesmo cando finalice a relación laboral do traballador coa empresa.
- VIOLACIÓNS DE SEGURIDADE DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
- Cando se produzan violacións de seguridade de datos de carácter persoal como, por exemplo, o roubo ou acceso indebido aos datos persoais notificaranse á Axencia Española de Protección de Datos, dentro das 72 horas seguintes, as ditas violacións de seguridade, incluíndo toda a información necesaria para o esclarecemento dos feitos que desen lugar ao acceso indebido aos datos persoais. A notificación realizarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Axencia Española de Protección de Datos no enderezo <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>.

## MEDIDAS TÉCNICAS

### IDENTIFICACIÓN

- Cando o mesmo ordenador ou dispositivo se utilice para o tratamento de datos persoais e fins de uso persoal, recoméndase dispoñer de varios perfís ou usuarios distintos para cada unha das finalidades. Deben manterse separados os usos profesional e persoal do computador.
- Recomendase dispoñer de perfís con dereitos de administración para a instalación e configuración do sistema e usuarios sen privilexios ou dereitos de administración para o acceso aos datos persoais. Esta medida evitará que, en caso de ataque de ciberseguridade, poidan obterse privilexios de acceso ou modificar o sistema operativo.
- Garantírase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos. O contrasinal terá polo menos 8 caracteres, con mestura de números e letras.
- Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñeráse dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Débese garantir a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiros. Para a xestión dos contrasinais pode consultara [guía de privacidade e seguridade en internet](#) da Axencia Española de Protección de Datos e o Instituto Nacional de Ciberseguridade. En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotadas en lugar común. Non se permite o acceso de persoas distintas do usuario.

### DEBER DE SALVAGARDA

A continuación, expóñense as medidas técnicas mínimas para garantir a salvagarda dos datos persoais:

- **ACTUALIZACIÓN DE ORDENADORES E DISPOSITIVOS:** os dispositivos e computadores utilizados para o almacenamento e o tratamento dos datos persoais deberán manterse actualizados na medida posible.
- **MALWARE:** nos computadores e dispositivos onde se realice o tratamento automatizado dos datos persoais dispoñeráse dun sistema de antivirus que garanta, na medida posible, o roubo e destrución da información e datos persoais. O sistema de antivirus deberá ser actualizado de forma periódica.
- **CORTALUMES OU FIREWALL:** para evitar accesos remotos indebidos aos datos persoais velarase por garantir a existencia dun *firewall* activado e correctamente configurado naqueles computadores e dispositivos nos que se realice o almacenamento e/ou tratamento de datos persoais.
- **CIFRADO DE DATOS:** cando se precise realizar a extracción de datos persoais fóra do recinto onde se realiza o seu tratamento, xa sexa por medios físicos ou por medios electrónicos, deberase valorar a posibilidade de utilizar un método de encriptación para garantir a confidencialidade dos datos persoais en caso de acceso indebido á información.
- **COPIA DE SEGURIDADE:** periodicamente realizarase unha copia de seguridade nun segundo soporte distinto do que se utiliza para o traballo diario. A copia almacenarase en lugar seguro, distinto daquel en que estea situado o computador cos ficheiros orixinais, co fin de permitir a recuperación dos datos persoais en caso de perda da información.

As medidas de seguridade serán revisadas de forma periódica, a revisión poderá realizarse por mecanismos automáticos (*software* ou programas informáticos) ou de forma manual. Considere que calquera incidente de seguridade informática que lle ocorrera a calquera coñecido pódelle ocorrer a vostede, e prevéñase contra o mesmo.

Se desexa máis información ou orientacións técnicas para garantir a seguridade dos datos persoais e a información que trata a súa empresa, o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE) na súa páxina web ([www.incibe.es](http://www.incibe.es)) pon á súa disposición ferramentas con enfoque empresarial na súa sección «[Protexe a túa empresa](#)» onde, entre outros servizos, dispón de:

- Un apartado de [formación](#) cun [videoxogo](#), [retos](#) para a resposta a incidentes e vídeos interactivos de [formación sectorial](#).
- Un [Kit de concienciación](#) para empregados.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Diversas [ferramentas](#) para axudar á empresa a mellorar a súa ciberseguridade, entre elas [políticas](#) para o empresario, o persoal técnico eo empregado, un [catálogo](#) de empresas e solucións de seguridadee unha [ferramenta de análise de riscos](#).
- [Dosieres temáticos](#) complementados con vídeos, infografías e outros recursos.
- [Guías](#) para o empresario,

Ademais INCIBE, a través da [Oficina de Seguridade do Internauta](#), pon tamén á súa disposición [ferramentas](#) informáticas gratuítas e información adicional que poden ser de utilidade para a súa empresa ou a súa actividade profesional.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **SOLICITUDE DE ALTA NA PLATAFORMA "CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial" E AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSOAIS.**

D./D.ª ..... con  
NIF ..... en nome propio ou en nome da empresa  
.....

Solicito a alta na plataforma "CARNOTA REVIVE 2020 - Tecido empresarial" e dou o meu consentimento ao Concello de Carnota, para que poida facer uso dos datos contidos na plataforma, coa finalidade unicamente da citada iniciativa.

E para que así conste, asino a presente autorización.

Carnota \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asinado:

#### **SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA**

"No CONCELLO DE CARNOTA tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlles o servizo solicitado ou enviar a información requirida. Os datos proporcionados conservaranse mentres non nos solicite o cesamento da actividade. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obrigaón legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se no CONCELLO DE CARNOTA estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento ante CONCELLO DE CARNOTA, PRAZA DE SAN GREGORIO, 19 ou no enderezo de correo electrónico correo@camota.gal, achegando unha copia do seu DNI ou documento equivalente. Así mesmo, e especialmente se considera que non obtivo satisfacción plena no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control, dirixíndose para estes efectos á Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 – 28001 Madrid."